



*Lavadeiras. 1919. BLANCO PASCUAL*

# Manuel Blanco Pascual

(1900-1940)

## fotógrafo do Barco

Gustavo Docampo

Fillo de Guillermo Blanco Iglesias, natural de Éntoma-O Barco e militar de profesión, e de Eloisa Pascual Garraus, de orixe rioxana, Manuel naceu en 1900 na cidade de Lleida, onde estivo destinado seu pai trala Guerra de Cuba (1898). O matrimonio tivo cinco fillos: Manuel, o maior, Aurora, Alejandrina, Guillermo e Mauro. O pai tiña tres fillos máis dun anterior matrimonio cunha curmá de Eloisa que morrera: Domingo, Fidel e Fermina.

O noso home achégase ao mundo da fotografía con tan só 14 anos. De 1915 é a primeira vista urbana do Barco que posuímos del, aínda que nas súas primeiras fotos predominan as que toma no ámbito familiar.

En 1919 asina importantes imaxes de carácter etnográfico e paisaxístico: o ambiente da feira na praza Maior, os carpinteiros, as lavandeiras e as bei-



*Autorretrato. 1924, BLANCO PASCUAL*

ras do río son algunhas das escenas máis salientábeis do seu legado artístico. Nestas imaxes é de salientar un exquisito gusto pola composición e os detalles que transmiten emoción á escena.

Entre marzo de 1918 e setembro de 1919 Manuel está en Barcelona, onde reside o seu irmán Fidel. Quizais non foi unha estadía conti-

nuada, sabemos dela por reportaxes de tipo familiar na praia, en lugares coñecidos da propia cidade ou na pequena localidade de Figueró, moitas veces cos seus sobriños como protagonistas.

En xaneiro de 1920 terá ocasión de expresar o seu gusto pola paisaxe e a enxebreza do rural galego nunha visita a aldea de Cedofeita, concello de Ribadeo, onde estaba destinada, como mestra, a súa irmá Fermina. Toma imaxes, nesta ocasión, da feira de Veigadeo e escenas intimistas de interior con estudada iluminación.

Polo demais a mocidade de Manuel Blanco transcorre no Barco. A casa familiar estaba situada na actual rúa Eloi Mira, preto das vías do tren. A través das fotos, vémolo como un mozo sociábel, elegante e pulcro no vestir, afeccionado ao excursionismo, ás festas populares e con curiosidade por todo o que o rodea.



Magosto. 20 outubro 1919. BLANCO PASCUAL

Manuel Blanco Pascual desembarcou no porto da Habana o 26 de agosto de 1920, logo de dez días de travesía desde A Coruña a bordo do vapor "Orizaba" que cubría a liña entre Santander e Veracruz. Pode ser que con esta viaxe pretendese evitar o seu recrutamento para o exército español, envolto na Guerra do Rif (1911-1927) no norte de Marrocos. En calquera caso influiría, asemade, o interese por acadar melloras no seu horizonte persoal e profesional, como fixeron os milleiros de galegos que protagonizaron, no primeiro terzo do século XX, o maior vaga migratoria cara a illa caribeña.

Das fotografías cubanas de MBP podemos deducir que desenvolve un intenso labor fotográfico, aprendendo as novas técnicas na American Photo Studio (APS) da Habana, axencia que editou e distribuíu numerosas imaxes da arquitectura e da paisaxe cubana, de impecábel factura, das

que Manuel conservou algunhas mostras no seu álbum persoal.

En Cuba viviu case cinco anos e medio, en estreita relación coa comunidade galega alí emigrada, moi activa cultural e politicamente naquela altura. Seguramente foi nestes anos cando se concreta a súa actitude en defensa da lingua e o compromiso galeguista que mantería o resto da súa vida. Retrata a Agrupación Artística Gallega, fundada en 1916 e que goza na Habana dun notábel recoñecemento público, e celebra con eles o Día de Galiza de 1925 cunha excursión a Matanzas.

Residía na Habana Vella, compartindo, con outros dous compañeiros, un cuarto no número 117 da rúa Muralla. Nas proximidades da capital realizou, en 1924, varios desprazamentos dos que deixou constancia gráfica: o lugar turístico de Marianao, e o seu afamado Country Club Park; a fábrica de cer-

vexas La Polar; El Ingenito, para visitar a Enrique Prada e a súa familia e a casa de Barrera no lugar de Los Pinos, sempre na contorna habanera. O 12 de abril visita a localidade costeira de Cojimar. O 11 de agosto de 1925 aparece posando cun piloto no Campamento de Colombia, diante dun flamante Vought QO-2 Corsair, unha das catro unidades adquiridas polo goberno cubano para o Corpo de Aviación. Dá a impresión que o noso home viña de facer un voo naquel novo aparato, realizando quizais algún traballo de fotoxornalismo para a APS. O día 9 de xaneiro de 1926 encóntrase en San Antonio de los Baños e o 15 de xaneiro dese mesmo ano remata o seu periplo cubano. Desde o vapor que o trae á Terra retrata por derradeira vez o porto da Habana.

Nada máis voltar de Cuba, en febreiro de 1926, visita a súa familia en Barcelona. No mes de abril xa está incorporado ao servizo militar na Coruña. Entra en contacto co ambiente fotográfico desta cidade. Coñece a obra de Joseph Sellier, fotógrafo francés afincado na cidade herculina falecido en 1922 e do que MBP adquire unha pequena colección de fotos de grande interese documental. Tamén coñece a obra de Pedro Ferrer, fotógrafo e editor do Portfolio Galicia, que acadou unha grande popularidade no primeiro cuarto do século XX. Blanco conserva no seu álbum varias fotos das que Ferrer vendía na súa papelería. Coñece asemade ao gran retratista e debuxante Antonio Portela, falecido en marzo de 1927, e o seu fillo e continuador Augusto Portela, co que Manuel mantén amizade. Seu curmán, o poeta barquense Gabino Díaz de Herrera, fillo de militar coma el e neto de fotógrafo,

deulle acceso a un amplo círculo de artistas coruñeses: o debuxante Álvaro Cebreiro e os pintores Ramón Torrado -logo director de cine- Urbano Lugrís ou Manuel Abelenda, deste último conservou MBP unha fotografía dedicada da pintura titulada "Festiña no porto".

Manuel Blanco Pascual volve ao Barco no ano 1927 para exercer a súa profesión de fotógrafo. Polo seu estudio do número 7 da rúa de San Roque pasa boa parte da sociedade barquense para ser fotografada. Actos sociais e festivos como a feira anual de gando, que se celebrou no Pedragal en setembro de 1927, as murgas do Entroido, actos políticos como a reunión de republicanos no Café Alfredo en 1931, procesións do Cristo, excursións ás Médulas, Cornatel ou ás covas de Biobra, alternábanse con apracíbeis escenas de río e barcas, con espléndidas imaxes de traballo como a tomada na zapatería de José Carracedo, en San Roque, ou as realizadas para un calendario das adegas de Magín Siso na rúa da Estación e as coidados encadres da paisaxe do Barco e da comarca. De novo a composición, a colocación dos protagonistas na escena, imos percibila como unhas das primeiras preocupacións do artista.

No seu amplo círculo de amizades barquenses atopamos nomes coñecidos da vida local: José Núñez, Tertuliano Hervella, Eulogio Fernández, Juan Aires, Gonzalo Gurriarán, Manuel Valcarcel, Florencio Delgado Gurriarán ou Sebastián Martínez Risco. No verán de 1928 viaxa a Toledo, realiza unha coidada reportaxe da visita e dos tesouros artísticos da capital manchega.



Taller de carpintería. 1919. BLANCO PASCUAL

A II República (1931-1936) é un tempo de especial dinamismo en todo o país. Manuel Blanco sitúase no ámbito do galeguismo, así era considerado na crónica do enterro do poeta Manuel Valcarce, acontecido en xullo de 1931. A súa inequívoca posición a favor da lingua galega, que utilizou mesmo no seu traballo profesional, así o parece confirmar. Sen embargo non hai constancia de que se integrara no Partido Galeguista, fundado en decembro de 1931.

Politicamente MBP sitúase en posicións esquerdistas. En marzo de 1932 asiste en Madrid á III Conferencia do grupo Izquierda Comunista, que lidera o catalán Andreu Nin. Xunto a el aparece fotografado en compañía dos tamén galegos Eugenio F. Granell e Juan Andrade. Debeu ser a revolución de outubro de 1934 en Asturias, que repercutiu en Valdeorras cunha serie de folgas e



Oleiros maragatos na feira da Praza Maior. c.1916. BLANCO PASCUAL

enfrentamentos, a que fixo a MBP decantarse finalmente polo Partido Comunista, organización que lideraba na comarca Santiago Álvarez e que tiña unha considerábel influencia entre os traballadores agrarios. Manuel foi recoñecido como líder polos comunistas do Barco e participou, como tenente de alcalde, na xestora tripartita nomeada polas autoridades da Fronte Popular en febreiro de 1936, para dirixir o consistorio barquense, mentres non se celebraran novas eleccións.



Retrato. c.1918. BLANCO PASCUAL

O domingo 12 de xullo de 1936, pola mañá, Blanco Pascual, en representación do goberno local, inaugura en Éntoma a Fonte do Loureiro. Os nenos e nenas da escola, onde impartía clases a súa irmá Fermína, recitaron varios poemas no acto. Pola tarde, ás portas de Viloira, morreu dun disparo o falanxista Castor Pérez Vega, logo dun enfrontamento entre membros da Falanxe e militantes comunistas. Foi o preludio das tensas xornadas que se viviron no Barco, nos días previos e posteriores ao alzamento militar contra a República.

O día 21 de xullo de 1936, cara a tardiña, entrou no Barco polo Campo de Martaguisela, o destacamento da Garda Civil e un grupo de falanxistas, que van tomar o control da localidade. Sufriran unha baixa ao seren interceptados por un grupo de milicianos á altura de Vilamartín e tiñan ansia de se vingar. Mentres tanto, desde Viloira, un grupo de coñecidos dirixentes e simpatizantes dos partidos de esquerdas emprendían, en dous camións, a fuxida cara a Ponferrada coa idea de unirse alí ao exercito leal á República. Á cabeza deste grupo ía Manuel Blanco

Pascual. Na altura de Villalibre o grupo recibe a nova de que a capital do Bierzo tamén caera nas mans dos sublevados. Daquela o grupo optou por disgregarse. Uns volveron cara as proximidades do Barco e outros quedaron polas montañas, este foi o caso de MBP, ao parecer afectado de algunha doenza.

A última noticia que se tivo del durante moito tempo foi a que lle dera a Santiago Álvarez, Isidro López nunha carta datada en Asturias o 24 de setembro de 1936 e na que o informa de que MBP quedou nunha aldea da Cabreira, ao non poder continuar (cara Asturias) debido ao seu mal estado de saúde.

Declarado en rebeldía vai ser xulgado na causa 369/936, a mesma que condena a morte a Abdón Blanco, alcalde do Barco, finalmente fusilado o 11 de novembro de 1936 en Ourense.

O 13 de agosto de 1937, co berciano Manuel Girón e outros nove homes Manuel Blanco alístase no Exército do Norte en Asturias, que é leal á República. O 15 de outubro, no *Boletín del Norte*, publicación dos milicianos do Partido Comunista na Fronte asturiana, aparece unha entrevista con el, realizada o 16 de agosto, sobre a súa estadía nas montañas da Cabreira, que inclúe un retrato debuxo no que aparece moi avellentado. O 21 de outubro, cae definitivamente a fronte asturiana e MBP volve cara as montañas da Cabreira formando parte do grupo de fuxidos que dirixen Manuel Girón e Manuel Álvarez «O Bailarín» de Casaio.

O 25 de xuño de 1940 Manuel Blanco refúxiase na casa de Laura Blanco no barrio de abaixo da aldea de Lomba,

en compañía de Domingo Valle Cañal. O 6 de xullo, tras unha denuncia, forzas de Regulares cercan a casa de Laura. Os asturianos Arcadio Ríos e Valentín García (tamén aloxados na casa), a dona Laura Blanco e o seu fillo Manuel Jesús, lograron saír do cerco. Domingo Valle Cañal foi apresado con vida, morreu cando o trasladaban e foi enterrado en Pombriego. Manuel Blanco Pascual consegue saír ferido do cerco, pasa a noite preto do río agochado entre a vexetación. Ao día seguinte foi descuberto, apresado e trasladado ao cuartel de Sigüeya onde morreu tras ser torturado. O seu corpo foi enterrado, sen identificar, nas proximidades da aldea.


Aquilino Blanco, veciño de Sigüeya, tiña nove anos cando presenciou como un irmán seu foi obrigado a cavar a foxa para aquel descoñecido. Tamén viu os tratos que recibiu o ferido nos seus derradeiros momentos.

O libro *El monte o la muerte* de Santiago Macías (Temas de Hoy, Madrid, 2005) expón a hipótese de que o anónimo guerrilleiro que morreu logo do asalto á casa de Laura era o fotógrafo do Barco, Manuel Blanco Pascual.

O 4 de xullo de 2009, voluntarios da ARMH exhumaron a foxa de Sigüeya poñéndolle fin a un dos casos máis misteriosos da posguerra en Valdeorras. O 27 de marzo de 2010 os restos de Manuel Blanco Pascual recibían sepultura no cemiterio civil do Barco de Valdeorras.



Na feira da Praza Maior, 1919. BLANCO PASCUAL



Bolsa de papel transparente para gardar fotografías e negativos